



O BNG pide máis sensibilidade cos colectivos con diversidade funcional

PROPOSICIÓN NO PLENO. A portavoz municipal do BNG, Goretti Sanmartín, propondrá no Pleno que o Goberno local teña vontade de realizar unha reserva para centros especiais de emprego para iniciativa social sen ánimo de lucro nos procedementos de contratación, toda vez

que non realizou un lote de reserva directa nos pregos para a licitación do contrato de mantemento de parques e xardíns.

Goretti Sanmartín e Navia Rivas mantiveron unha reunión con José Antonio Vázquez Freire, presidente da Asociación Empresarial

Galega de Centros Especiais de Emprego Sen Ánimo de Lucro (Cegasal) á vista de que o Goberno local excluíu do procedemento a reserva dun lote para entidades como Aspas, Dixardín ou Erick que prestaban este servizo en diferentes zonas verdes da capital galega. **ECC**



Goretti Sanmartín

